

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2014.**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 13 de outubro de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 22 E 29 DE SETEMBRO E 6 DE OUTUBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 22 e 29 de setembro e 6 de outubro de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 9 DE OUTUBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 21.992.- A Sandra María Figueroa Vidal e José Antonio Piñeiro Otero, con enderezo nas Barreiras, n° 13-Liméns-O Hío, autorízase a execución das partidas pendentes do proxecto básico e de execución visado o 13 de xullo de 2011, do arquitecto José Luis Domínguez, dunha rehabilitación e ampliación de vivenda sita nas Barreiras, n° 13-Liméns-O Hío, cuxa construción foi autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local do día 26 de maio de 2010 e ampliada o 2 de agosto de 2011. O orzamento de execución material ascende a CIENTO SETE MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (107.958,43 €).

Condiciónase ademais a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE N° 21.997.- A Manuel Lago Yebra e Marta Núñez Mallen, con enderezo na Avda. de Vigo, n° 87-89-Cangas, autorízase a execución das partidas pendentes do proxecto de construción dunha vivenda, elaborado por AR.UR.MO., visado o 11 de agosto de 2011, sita en Outeiro-Balea-Darbo, cuxa construción foi autorizada pola Xunta de Goberno Local do día 21 de agosto de 2008 e modificada o 14 de novembro de 2011. O orzamento de execución material ascende a SETENTA E NOVE MIL TRESCIENTOS SESENTA E OITO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (79.368,71 €).

Condiciónase ademais a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE N° 25.170.- A Pedro Martínez Núñez e 'GEMMA, S.L.', con enderezo na Avda. de Vigo, n° 97-2º-Cangas, para en Rúa Pablo Iglesias, n° 10-Cangas, reformar a edificación existente en 95,50 m2., de planta baixa, 92,15 m2., de primeiro andar, 96,36 m2., de segundo andar e 92,35 m2., de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto de xullo de 2014.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habilitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, con base o informe emitido ao respecto pola arquitecta municipal, do día 12 de setembro de 2014.

Antes do inicio da actividade deberá presentar comunicación previa para o inicio desta, de conformidade co establecido no art. 24.2 de Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, achegada do certificado final de obra das instalacións.

EXPEDIENTE Nº 25.229.- A Francisco Javier Portas Oliveira, con enderezo en Rúa A. Pérez Vellas, nº 9-8ºE-36 211-Vigo, para en Vilanova-O Hío, construír unha piscina de 28,00 m2., de conformidade co proxecto da arquitecta, Griselda Hernández Nores, de setembro de 2014.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 22.488.- LICENZA MUNICIPAL N° 21.779.- A Carlos González Varela, con enderezo en A Unión, n° 65-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 24.606.- A José Luis Fontán Puga, con enderezo en Baixada á Praia de Menduña, n° 49-Aldán, reconstruír un muro de cerramento de 22,60 metros, de conformidade coa documentación presentada e debendo cumprir as determinacións da LOUGA.

2.B.1) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.943.- O tramitado a instancia de José L. Videira López, con enderezo en Camiño das Trallas, n° 4-Castiñeiras-Pinténs-O Hío, para montaxe de instalación metálica temporal no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 6 de novembro de 2002.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.182.- María José Iglesias Villar, acondicionamento local en San Roque, n° 64-baixo-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.222.- COMUNIDADE DE VECIÑOS "EDIFICIO CHAMADOIRA", reparación fachadas e terrazas na Avda. de Vigo, n° 158-Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.636.- Pablo González Sotelo, venda plantas, flores e sementes en Rúa Gondomar, n° 9-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.758.- Pablo Sieiro Barrio, clínica dental na Avda. de Castelao, n° 25-baixo-Cangas.

4º .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 9/2013

Dase conta de proposta do instrutor do día 11.09.14, referente ao expediente de infracción urbanística n° 9/2013, que é como segue:

“EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 9/2013

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28 de maio de 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de 'GAS GALICIA, S.A.', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Méndez Núñez, obras consistentes en execución de canalización para gas natural, sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que 'GAS GALICIA, S.A.', na súa calidade de promotor, é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua-la sanción a imponer na súa contía MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (1 250,00 €).

SEXO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a GAS GALICIA, SA, na súa calidade de promotor, unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA (250,00 €) (unha vez reducido o 80 por cento por legalización das obras antes da resolución do presente expediente) por infracción ao ter cometido obras no lugar de Méndez Núñez, consistentes en realizar a execución de canalización para gas natural.*

O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos, ponse de manifesto o expediente para que poidan examinalo e, de selo caso, obter as copias dos documentos que constan neste durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevada ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten neste.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 9/2013.

4.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 13/2014

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 7.10.14, referente ao expediente de infracción urbanística nº 13/2014, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 13/2014

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Resultando que no lugar de Arneles-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cambio de material de cubrición.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, Francisco Gustavo Izquierdo Martínez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello, D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos

interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecer a súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por si mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DÍAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propongan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario, con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía, referente ao expediente de infracción urbanística nº 13/2014.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER S/BONIFICACIÓN DE TAXA DOS OBRADOIROS PARA PERSOAS MAIORES

Dáse conta de proposta do día 10.10.14 da concelleira de Sanidade, Servizos Sociais e Muller, referente a bonificación de taxa dos obradoiros para persoas maiores, que di o seguinte:

"Proposta de bonificación da taxa dos Obradoiros de lecer para persoas maiores no período 2014/15.

Dolores Gallego Santos, concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Muller do Ilmo. Concello de Cangas, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

* Concesión de bonificación sobre a taxa establecida de 30,00€ para os 5 seguintes pedimentos recibidos durante o prazo de presentación das solicitudes do Programa de 'Obradoiro e curso para persoas maiores no período 2014/2015', segundo o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local do día nove de setembro de dous mil catorce.

Nº ORDE	SOLICITANTE DNI	INGRESOS IRPF-2013	RENDA PER CÁPITA MENSUAL	PROPOSTA DE RESOLUCIÓN	TAXA A ABOAR POR OBRADOIRO
1	35896356A	12.921,56 €	1.076,80 €/mes	Bonificación do 30% da taxa	21,00 €
2	76830167R	11.808,46 €	984,04 €/mes	Bonificación do 50% da taxa	15,00 €
3	76834348L	11.808,46 €	984,04 €/mes	Bonificación do 50% da taxa	15,00 €
4	76833774C	14.692,03 €	1.224,34 €/mes	Bonificación do 30% da taxa	21,00 €
5	35279378T	Non constan datos	463,28 €/mes RISGA	Bonificación do 66% da taxa	10,00 €."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Sanidade, Servizos Sociais e Muller, referente a bonificación de taxa dos obradoiros para persoas maiores.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/CESIÓN EN PRECARIO DE VIVENDA ESCOLAR DO CEIP DE ESPIÑEIRA-ALDÁN PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOLICITADA POLA ANPA DO CENTRO EDUCATIVO

Dase conta de proposta do día 8.10.14 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a cesión en precario de vivenda escolar do CEIP de Espiñeira-Aldán, para realización de actividades pola ANPA do centro educativo, que di o seguinte:

"PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

D. José Luis Gestido Porto, concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas, trala recepción do informe técnico favorable, PROPÓN

a aprobación da cesión en precario da vivenda escolar vacante do CEIP Espiñeira-Aldán de Cangas, para realizar as actividades regulares e os labores de xestión da asociación de nais e pais deste centro.

Esta cesión será revisada anualmente, e o seu uso e disposición poderá ser prorrogable.

A ANPA de Espiñeira adquirirá o compromiso de acondicionar esta vivenda que permanece baleira e en desuso desde hai moitos anos, e tamén se deberán manter en bo estado ditas instalacións."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a cesión en precario de vivenda escolar do CEIP de Espiñeira-Aldán, para realización de actividades pola ANPA do referido centro educativo.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDES DE TRANSMISIÓNS DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADIÑO MUNICIPAL

7.A) SOLICITUDE DE RICARDO GONZÁLEZ CARBALLO

Dase conta de proposta do día 9.10.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 120, que é como segue:

"Ref. : Ap. Xco. Secretaría V-14/055

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE N° 120

ANTECEDENTES

1º.- Por escrito con data de rexistro de entrada 08/09/2014, RICARDO GONZÁLEZ CARBALLO con DNI 37785669-G, e enderezo en Rúa Rosalía de Castro, nº 104, 4ºA-Marín-Pontevedra, deu conta da súa intención, por motivos

de saúde, de transmitir o posto que está a ocupar e que figura a nome de 'FYM SOCIEDAD COOPERATIVA', a MARÍA DEL CARMEN IGLESIAS BLANCO, DNI 35321281-C, con domicilio en Rúa Echegaray, nº 27-5ºB-36002-Pontevedra.

2º.- O 26/09/2014 en escrito suscrito por ambas partes transmitente e adquirente achegan nova documentación e acreditan o pagamento das taxas pola transmisión.

3º.- O 6/10/2014 Ricardo González Carballo achega escrito de Enrique Miguel López Borrego, administrador de 'Ferias y Mercados Sociedad Cooperativa', pola que este solicita a baixa como titular do posto de venda ambulante nº 120 dos martes, ocupado por Ricardo González Carballo para que este posto pase a Mª Carmen Iglesias Blanco.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña, prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso , vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente Mª Carmen Iglesias Blanco, que non consta con posto no mercado do martes.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 120 do mercado do martes, da que era titular 'FYM Sociedad Cooperativa' e ocupado por Ricardo González Carballo a favor de Mª Carmen Iglesias Blanco adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 120.

7.B) SOLICITUDE DE MANUEL RIVERA DÍAZ

Dase conta de proposta do día 9.10.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 156, que é como segue:

"V-14/057

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE N° 156

ANTECEDENTES

I.- Por escrito con data de rexistro de entrada 25/09/2014 MANUEL RIVERA DÍAZ, con DNI 33821562Q e enderezo en Vilar nº 3-Lugo, solicitou o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de M^a TERESA NOVO PEREIRO, con DNI 53610171, domiciliada en Est. Bueu-Vilariño-O Hío, nº 61-1º porta C, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

II.- Á solicitude anterior acchégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña, prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo eos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente, M^a Teresa Novo Pereiro.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local en base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 156, da que era titular Manuel Rivera Díaz a favor de M^a Teresa Novo Pereiro, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 156.

7.C) SOLICITUDE DE EVA PEREIRA IGLESIAS

Dase conta de proposta do día 10.10.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 185.

"Ref. : Ap. Xco. Secretaría V-14/061

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE N° 185

ANTECEDENTES

Por escrito con data de rexistro de entrada 10/10/2014, EVA PEREIRA IGLESIAS, con DNI 78738621F e enderezo nas Gruncheiras-58 bx., solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de CRISTINA HERMO LUSTRES, con DNI 52937918Z, domiciliada nas Gruncheiras, nº 58, esquerda, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior acchégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que

cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña, prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso , vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente CRISTINA HERMO LUSTRES, con DNI 52937918Z.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 185 do mercado do martes e venres, da que era titular Eva Pereira Iglesias a favor de Cristina Hermo Lustres, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitude de transmisión de autorización de posto de venda ambulante nº 185.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE COMENTARIOS AO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO CONXUNTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIGO

Dase conta da proposta de Alcaldía do día 13 de outubro de 2014 de comentarios ao borrador do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e recibido no concello o día 29 de setembro de 2014 (Rex. entrada núm. 11 228), que literalmente di:

“Que o día 29 de setembro se recibe borrador do convenio de colaboración para o desenvolvemento do transporte metropolitano na área de Vigo, dándonos 15 días naturais para achegar os documentos que consideremos.

Na Xunta de Goberno Local realizada o día 13 de outubro, por unanimidade dos asistentes acordamos:

1º.- Deixar constancia de que Cangas non será obstáculo para a posta en marcha deste servizo, comprometéndonos a facilitar a tramitación municipal que se precise.

2º.- Consideramos que antes de asinar dito documento deben estar claras unha serie de cuestións:

a) De ser establecida unha cantidade fixa para o Concello de Vigo, entendemos que se debe facer para todos os demais.

b) Non queda claro se o transporte desde distintos puntos do concello ou de concellos limítrofes (Bueu) que efectúan empresas de transporte con concesións (Cerqueiro: Bueu-Cangas pola Costa, Monbús: Bueu-Cangas PO-551) entrarían neste servizo.

c) No texto técnico no apartado 2.3.1 zonificación, fala das zonas de transporte que estarían constituídas por un ou varios municipios e o custo da viaxe ao que debe facer fronte o usuario dependendo do nº de saltos e o nº de saltos ven determinado pola distancia, a rede viaria e o sistema de transporte existente, por iso non entendemos porque o Morrazo se subdivide en P-Mo-0 para Cangas e P-Mo-1 para Moaña, o que ao final vai a orixinar un número de saltos diferentes cando as distancias e prezos actuais no transporte marítimo son similares.

d) No apartado 2.5 (páx. 23) Contía e revisión das achegas fala das aportacións para os 6 meses do ano 2015; Cangas: 55.872 e Vigo: 2.374; 2016, Cangas: 115.654 e Vigo: 4.914; 2017, Cangas: 119.702 e Vigo 5.086... Cifras difíciles de explicar aínda que se sumen 216.148 € polos tráfico interiores no Concello de Vigo.

e) Na páx. 5, cando se fala de transferencia e xestións das achegas fíxanse as formas de pago para os concellos, pero nada di da forma de pago da Dirección Xeral de Mobilidade ás empresas, cuestión esta que pode ocasionar

graves distorsións na liquidez das prestatarias deste servizo, pois a día de hoxe o pago faise polos usuarios en efectivo.

Por todo iso, aínda tendo en conta os posibles beneficios para os usuarios que a diario se prevé utilicen este Transporte Metropolitano Galego, pero tamén considerando que os concellos terán que facer fronte ás achegas reflectidas no presente documento cos impostos dos que utilizan este servizo e tamén dos que non o van a utilizar, entedemos que os conceptos reflectidos nos apartados anteriores non están o suficientemente claros, polo que, solicitamos a aclaración destes, previa a sinatura deste documento que, insisto non vai quedar sen aplicar polo Concello de Cangas."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente e remitila á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

B) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRA "REPARACIÓNS NO MERCADO MUNICIPAL"

Dáse conta de Decreto da Alcaldía do día 8.10.2014, referente a adxudicación do contrato de obra "REPARACIÓNS NO MERCADO MUNICIPAL", que a continuación se transcribe:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'REPARACIÓNS NO MERCADO MUNICIPAL'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, reallzou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'CIVIS GLOBAL, S.L.', con CIF nº B36684157, por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lie requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, RESOLVO:

Primeiro.- *Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar o presente contrato.*

Segundo.- Adxudicar á empresa 'CIVIS GLOBAL, S.L.', con CIF nº B36684157, o contrato de obra 'REPARACIÓNS NO MERCADO MUNICIPAL', coas seguintes especificacións da súa oferta:

- *Importe de adxudicación: 96.300,60 € (79.587,27 € + 16.713,33 € de IVE).*
- *Prazo de execución: 21 xornadas.*
- *Ampliación do prazo de garantía: 60 meses.*
- *Melloras ofertadas:*
 - o Reparación na rede de fontanería.....800,00 €*
 - o Repaso, limpeza e mellora das fachadas exteriores.....5.541,89 €*
 - o Identificación interior e exterior.....4.125,52 €*
 - o Reparación puntual de pavimento no vial perimetral.....1.470,68 €*
 - o Total importe melloras ofertadas (IVE excluído).....11.938,09 €*

Terceiro.- Disponer en contía de 96.300,60 €, o gasto que para este concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 431.622 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar a 'CIVIS GLOBAL, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear á arquitecta municipal, María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra 'Reparacións no mercado municipal'.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sétimo.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice para os efectos da súa ratificación.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Subvencións e Apoio Xurídico, así como á directora de obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar o decreto transcrito anteriormente, referente a adxudicación do contrato de obra "REPARACIÓNS NO MERCADO MUNICIPAL".

C) REVOGACIÓN DE LICENZA DE CUBERTA E REPARACIÓNS INTERIORES POR INCUMPRIMENTO DO PRAZO CONCEDIDO POLO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS

*****PTE*****

D) ADOPCIÓN DE ACORDO PARA ARBITRAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA NON INCREMENTAR A PRESIÓN FISCAL EN CANGAS PARA O ANO 2015

*****PTE.*****

*****POÑER EN TÓDOLOS ACORDOS A SEGUINTE FRASE:*****

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente